



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE ORQUESTRA

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: DIRECCIÓN CORAL E INSTRUMENTAL

A DIRECCIÓN

A figura do Director musical nace a mediados do século XVIII debido á gran necesidade que xurde neste conxunto instrumental de ordenar multitude de sons e criterios interpretativos. Mentres que ao comezo o director só se encargaba de organizar os aspectos rítmicos e métricos, na actualidade esta función viuse enormemente ampliada a todos aqueles factores que interveñen na interpretación colectiva: afinación, dinámica, agógica, carácter, atmosfera, planos sonoros, etc.

A figura de Toscanini marca un antes e un despois na Arte da Dirección Orquestal cando instaura, por primeira vez na historia, un conxunto de pautas escolásticas que comezan a dar resposta a infinidade de cuestións que quedaban totalmente abertas ao libre criterio daquel que se colocaba á fronte do ensemble para liderar baixo a súa responsabilidade un gran número de criterios interpretativos, sen máis dedicación ao oficio que calquera daqueles intérpretes aos que dirixía.

Actualmente todos somos conscientes da elevada especialización e preparación necesaria para liderar de forma correcta calquera conxunto instrumental ou vocal. O gran número de factores a dominar provoca que o Director deba ser ademais dun bo intérprete, un gran coñecedor das artes da composición e a orquestación, ademais de estar en posesión dun desenvolvemento auditivo que lle permita identificar e solucionar aqueles problemas que xurdan no conxunto que está liderando. Non debemos esquecer aqueles aspectos psicolóxicos da dirección de persoas que é necesario coñecer para conseguir unha dinámica de benestar e de traballo en equipo.

OBXECTIVOS XERAIS

- Disfrutar do arte da dirección musical.
- Desenrolar a capacidade comunicativa a través do movemento.
- Plasmar a idea musical propia na interpretación dun conxunto

OBXECTIVOS 1º CURSO

- Familiarizarse coa lectura de partituras vocais e orquestrais.
- Aprender a estudar unha partitura desde o punto de vista do Director.
- Desenvolver a capacidade auditiva para poder identificar e solucionar posibles problemáticas.
- Comezar a desenvolver a capacidade comunicativa a través dos recursos xestuais.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE ORQUESTRA

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: DIRECCIÓN CORAL E INSTRUMENTAL

OBXECTIVOS 2º CURSO

- Leer e comprender con soltura partituras vocais e orquestrais.
- Aprender a estudar unha partitura desde o punto de vista do Director.
- Desenvolver a capacidade auditiva para poder identificar e solucionar posibles problemáticas.
- Aprender a secuenciar o traballo de ensaio para a montaxe dunha obra cun conxunto.
- Desenvolver a capacidade comunicativa a través dos recursos xestuais.
- Liderar un conxunto vocal ou instrumental co control da situación necesario para afrontar unha audición.

CONTIDOS

Conceptuais

O director e o conxunto vocal ou instrumental. Relaxación física e mental. O impulso como recurso para a xeración do son. A respiración. A batuta e a súa utilidade.

Procedimentais

A lectura da partitura cos diversos orgánicos vocais e instrumentais. A análise da partitura desde as diversas perspectivas. Estudo e análise da partitura para a dirección. A técnica moderna da dirección. Exercicios de identificación auditiva. Afinación dun conxunto.. Exercicios de calentamiento dos brazos. Figuras principais. Calderones. A anacrusa. Diferentes articulaciones. Dirección de pequenos fragmentos musicais interpretados a dous pianos e por pequenos ensembles. A utilización da batuta. Diferencias de xesto en función dos diversos conxuntos.

Atitudinais

A importancia do director como canalizador da idea musical. A técnica de dirección como recurso de axuda para a interpretación. A relaxación activa.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE ORQUESTRA

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: DIRECCIÓN CORAL E INSTRUMENTAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Dirixir correctamente, individual o con ensemble, todas as obras traballadas. Con este criterio preténdese valorar a capacidade de concentración do alumno para poder transmitir o seu pensamento musical.
- Realizar as indicacions de dinámica, agónica, articulación e carácter que o ensemble precise. Preténdese avaliar o desenrolo da técnica xestual e a capacidade de aplicala nainterpretación musical.
- Asistir a clase con asiduidade e puntualidade. Preténdese valorar a concienciación previa e a importancia que o alumno concede a asignatura.
- Controlar o corpo a través da relajación. Preténdese valorar o grao de relaxación activa que pode conseguir o alumno para evitar a tensión que poida provocar o esforzo físico de dirixir e o medo escénico.
- Dirixir a primeira vista unha partitura de nivel acorde o seu nivel. Preténdese valorar o grao de autonomía e madurez na comprensión e montaxe das obras por parte do alumno.
- Manexar a técnica xestual coa naturalidade e o nivel propio do seu curso. Preténdese valorar o interés do alumno por adquirir a técnica propia que lle permita enfrentarse á dirección de obras programadas.
- Xuzgar a actuación propia e allea. Preténdese avaliar a capacidade crítica do alumno en base a parámetros técnicos i estéticos.
- Correxir as posibles incidencias que surxan na afinación, articulación, balance e axuste durante a interpretación das obras. Preténdese avaliar o desenrolo do ouvido armónico e o control da situación por parte do alumno.
- Demostrar unha actitude participativa, flexible e disciplinada. Preténdese valorar a capacidade do alumno para formar parte dun grupo de forma activa, sendo capaz de aportar ideas e á vez de levar a cabo as dos demais, dentro dun ambiente de traballo e con un obxectivo de perfeccionamento permanente.
- Dirixir o mesmo fragmento orquestral con diversas dinámicas, articulacións e fraseos. Preténdese valorar a flexibilidade e adecuación da técnica do alumno ás distintas necesidades interpretativas.
- Realizar análise estética, formal, armónico e para a dirección de pezas propostas con niveis de dificultade acordes co nivel do alumno. Preténdese valorar o grao de dominio do proceso analítico.
- Elaborar traballos de investigación de forma colectiva ou individual. Preténdese valorar o grao de madurez na investigación e interrelación de contados.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE ORQUESTRA

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: DIRECCIÓN CORAL E INSTRUMENTAL

PROCEDIMIENTO ALTERNATIVO DE AVALIACIÓN

Un alumno perderá o dereito á avaliación continua cando supere o número de faltas de asistencia á clase correspondente ó 25% do número de clases das que se dispoñan ao longo do curso escolar.

O proceso alternativo de avaliación constará das seguintes partes:

1.- Programa de concerto:

O alumno presentará e dirixirá un programa de concerto de duración non inferior a 20 minutos de música, escollido de entre o repertorio traballado na asignatura ao longo do presente curso escolar.

Dito programa de concerto terá que ser presentado ao profesor correspondente da asignatura con quince días de antelación á data de exame.

2.- Lectura a primeira vista:

O alumno disporá de 10 minutos para leer e analizar un fragmento para conxunto vocal ou instrumental non necesariamente correspondente ao repertorio orquestral do curso escolar. Posteriormente dirixirá o fragmento.

3.- Exáme de coñecementos teóricos:

O alumno contestará de forma oral ou escrita a un conxunto de cuestións sobre o repertorio traballado na asignatura no curso escolar (compositores, historia, forma, entorno estético da composición, etc.)